

RESOLUCIÓN DO 27 DE DECEMBRO DE 2022, DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA, POLA QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO NAS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO REFERENCIADAS NO ANEXO I DO DECRETO 79/2022, DO 25 DE MAIO, POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, CORRESPONDENTE AO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, E DE PRAZAS DE PERSOAL LABORAL OBXECTO DE FUNCIONARIZACIÓN, DE CONFORMIDADE COA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das Administracións Públicas españolas, actuando a reforma en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos. Para este fin, entre outras medidas, prevé un proceso de estabilización do emprego temporal nas Administracións Públicas, mediante a convocatoria en determinados sectores de actividade, en quenda libre, dun número de prazas superior ao resultante da taxa de reposición. En particular, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, prescribe a convocatoria, polo sistema de concurso, daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. Consonte as prescricións da Lei, as convocatorias dos procesos selectivos deben publicarse no DOG antes do 31/12/2022.

O Decreto 79/2022, do 25 de maio, aprobou a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021. O Anexo I do decreto identifica cinco prazas de persoal laboral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a cubrir pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso. Estas prazas ofértanse foran do ámbito regulador do V Convenio Colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Na xuntanza da Comisión superior de persoal de 28/10/2022, aprobouse o Acordo polo que se establecen os criterios xerais que rexerán as convocatorias dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.



Por todo o exposto, o presidente da Axencia, no exercicio das competencias previstas no artigo 13 do Decreto 52/2018 polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos

RESOLVO:

Primeiro: Bases

Aprobar as bases, descritas no Anexo, do proceso selectivo para a cobertura pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, das prazas de persoal laboral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria identificadas no Decreto 79/2022 do 25 de maio.

- (1) Xefatura de negociado
Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Santiago de Compostela)
Grupo III Categoría II
- (2) Titulado/a superior investigador/a
Centro de Investigación Forestal de Lourizán
***5410** MMG
Grupo I Categoría IV
- (3) Titulado/a superior investigador/a
Centro de Investigación Forestal de Lourizán
***0465** JFC
Grupo I Categoría IV
- (4) Doutor/a investigador/a
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
***4310** CFO
Grupo I Categoría IV
- (5) Doutor/a investigador/a
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
***8410** TML
Grupo I Categoría IV

Segundo: Convocatoria

Abrir un prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados desde as 00:00 do día 16 de xaneiro de 2023 ata as 23:59 do vixésimo día hábil posterior.

Terceiro: Data de valoración dos méritos

A data de valoración dos méritos en todos os casos será a da entrada en vigor da Resolución.



Cuarto: Lingua galega

As persoas aspirantes deberán estar en posesión da titulación acreditativa de coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente. Para as equivalencias dos Cursos de idioma galego estarase ao previsto na Orde do 13 de xuño do 2011 (DOG núm. 121) e na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

As persoas que non dispoñan desta titulación, deberán realizar un exercicio eliminatorio tipo test acorde a este nivel. Este exercicio realizarase no prazo mínimo de dous (2) días hábiles e o máximo de corenta (40) días hábiles dende a constitución do tribunal. Realizarase unha única proba que será común e coincidente para os grupos e categorías de todos os procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da oferta extraordinaria de estabilización de emprego temporal e que establecen como requisito de acceso estar en posesión ou en condicións de obter título do Celga 4. A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, que so se valorarán no caso de anulación dalgunha das preguntas do exercicio. O cuestionario recollerá contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga 4. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos e valorarase como apto ou non apto. Corresponderá ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. O exercicio realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como colaboradoras.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no DOG da resolución pola cal a Dirección Xeral da Función Pública publica as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que posuían antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o Celga 4 requirido especificar ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo





realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro do 2022). As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas. Porén, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

As anulacións das preguntas ou a corrección do modelo de respostas acordadas polo tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes presentaren nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba, publicaranse no DOG.

O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes (apto ou non apto) publicarase no portal web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, a contar desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio da exposición do resultado das probas na páxina web.

En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo ao titular da Axencia para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento. No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos o titular da Axencia propondrá a súa exclusión do proceso.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de coñecemento da lingua galega, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria. No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.



Quinto: Aceptación das bases

A participación no proceso selectivo por parte da persoa aspirante supón a aceptación íntegra das bases.

Sexto: Entrada en vigor

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Sétimo: Impugnación

Contra esta Resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO

Bases que rexerán na selección de persoal, polo sistema de concurso, para a cobertura das prazas identificadas no resolvo primeiro, adscritas á Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Artigo 1. Obxecto

Estas bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán o proceso de selección, polo sistema de concurso, da prazas identificadas no resolvo primeiro, adscritas á xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Artigo 2. Solicitudes

1. As solicitudes poderán presentarse a partir do 16 de xaneiro de 2023, desde as 00:00 ata as 23:59 do vixésimo día hábil posterior.
2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, indicando no asunto o lema: CONCURSO PERSOAL AGACAL

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos,





considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que for realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). No caso de persoas solicitantes estranxeiras, co fin de proceder á solicitude e aos tramites por medios electrónicos, designarán un representante con sinatura dixital en España. A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.

3. Coa solicitude achegarse o modelo descrito no Anexo I debidamente cumprimentado, no que se indicará expresamente a praza ou prazas obxecto de interese da persoa solicitante.
4. O enderezo que figure na solicitude considerase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa solicitante tanto os erros na consignación como a non comunicación de cambio de domicilio.

Artigo 3. Comprobación de datos

1. Para a tramitación do procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:
 - DNI da persoa solicitante
 - DNI da persoa representante
 - Certificado de residencia con data da última variación no padrón da persoa solicitante
 - Certificado Celga ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - Certificación do tempo traballado na Axencia Galega da Calidade Alimentaria
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario e achegar os documentos correspondentes. Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 4. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:





- Listado de méritos presentados
- Documentación acreditativa dos méritos
- Título de doutor
- No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados
- Copia do título do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)
- Xustificante bancario de pago da taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada da tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional, os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 881 997 276, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres ou a través do correo electrónico persoal.agacal@xunta.gal, poñendo no asunto CONCURSO PERSOAL AGACAL.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e perante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán requiridos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados, agás que conste oposición expresa.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.





Artigo 6. *Requisitos das persoas aspirantes*

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír o día da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG) desta convocatoria e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo os seguintes requisitos:

1. Idade: Ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa
2. Nacionalidade:
 - Ter a nacionalidade española
 - Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
 - Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras
 - Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes
3. Titulación: estar en posesión na data de entrada en vigor desta Resolución, da titulación requirida para cada posto ou os seus equivalentes. Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalencia se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que estean en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

Son titulacións esixidas:

- Xefatura de negociado
Ciclo superior de administración e finanzas, ou equivalente
- Titulado/a superior investigador/a
Grao en Enxeñería de Montes, grao en Enxeñería Agraria, grao en Bioloxía ou equivalente, grao en Ciencias Ambientais ou equivalente, grao en Bioinformática ou equivalente, grao en Química ou equivalente, grao en Bioquímica ou equivalente, grao en Farmacia ou equivalente





- Doutor/a investigador/a
Grao en Enxeñaría Agraria ou equivalente, grao en Bioloxía ou equivalente, grao en Veterinaria ou equivalente, grao Ciencias Ambientais ou equivalente, grao en Bioinformática ou equivalente, grao en Química ou equivalente, grao en Bioquímica ou equivalente, grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos ou equivalente, grao en Farmacia ou equivalente
4. É requisito imprescindible para optar aos postos de titulado superior investigador contar cun doutorado en materia forestal
 5. É requisito imprescindible para optar aos postos de doutor investigador dispor dun doutorado en materia agraria
 6. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas
 7. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada
 8. As persoas aspirantes deberán estar en posesión da titulación acreditativa de coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente
 9. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal laboral fixo que xa pertence a mesma categoría e grupo obxecto desta convocatoria

Artigo 7. *Admisión de aspirantes*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, colgarase na web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade e das causas das exclusións que procedan. Así mesmo, presentarase a lista de persoas aspirantes que teñen pendentes de acreditación estar en posesión do título Celga 4. No DOG publicarase o anuncio da Resolución pola que se aproba a lista e a súa dispoñibilidade na web.
2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución no DOG, para emendaren, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou presentaren a xustificación da posesión do Celga 4.
3. Unha vez analizadas as alegacións presentadas colgarase na web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas





e excluídas, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, así como a relación de persoas aspirantes que deberán realizar a proba de acreditación de coñecemento da lingua galega. No DOG publicarase o anuncio da Resolución pola que se aproba a lista e a súa dispoñibilidade na web. A estimación ou desestimación das peticións de correccións entenderanse implícitas coa publicación da Resolución.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

Artigo 8. *Baremo de méritos*

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos das persoas aspirantes que acreditaron o nivel de coñecemento da lingua galega requirido ou superaron a proba. A valoración terá unha puntuación máxima de 100 puntos.

A) Xefatura de negociado

1. Experiencia profesional, ata un máximo de setenta (70) puntos.
 - a) Experiencia profesional acreditada na Axencia Galega da Calidade Alimentaria (antes Instituto Galego da Calidade Alimentaria) na propia categoría profesional á que se opta, a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos. Os servizos prestados en categorías profesionais extinguidas consideraranse prestados nas categorías profesionais nas que se integraron ou refundiron cada unha delas.
 - b) Experiencia profesional acreditada en calquera outro ente ou administración, na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Para estes efectos, e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos, ou por 0, 125 puntos





segundo corresponda. Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

A experiencia profesional na Axencia Galega da Calidade Alimentaria apreciarase de oficio mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal.

2. Formación, ata un máximo de vinte (20) puntos

- a) Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados ou organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas; pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos impartidos polo INEM; cursos impartidos polas consellerías da Xunta de Galicia e os Entes adscritos; e cursos impartidos por Universidades.

Para cada curso de duración igual ou superior a 40 horas lectivas, valorarase con 0,05 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 3 puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será 20 puntos.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares; as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica; os cursos de doutoramento; os módulos ou partes integrantes dun curso; os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

3. Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso, ata un máximo de cinco (5) puntos.

- a) Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 4 puntos.
- b) Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.





4. Pola superación de exercicios realizados ao amparo da Resolución do 29 de febreiro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria de cinco prazas de persoal laboral fixo, pola quenda de acceso libre, para o Instituto Galego da Calidade Alimentaria, valorarase 2,5 puntos por cada proba selectiva ou exercicio superado, ata un máximo de cinco (5) puntos. Os méritos apreciaranse de oficio pola Axencia.

B) Titulado/a superior investigador/a

1. Experiencia profesional, ata un máximo de setenta (70) puntos.
 - a) Experiencia profesional acreditada como investigador en materia forestal na Axencia Galega da Calidade Alimentaria (antes Instituto Galego da Calidade Alimentaria), a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.
 - b) Experiencia profesional acreditada como investigador en materia forestal, en calquera outro ente ou administración, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Para estes efectos e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos, ou por 0,125 puntos segundo corresponda. Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

A experiencia profesional na Axencia Galega da Calidade Alimentaria apreciarase de oficio mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal.

2. Produción científica e patentes, modelos de utilidade e de deseños, ata un máximo de vinte (20) puntos.
 - a) Valorarase as publicacións internacionais referenciadas nos índices SCI (Science Notation Index). Serán consideradas publicacións non SCI os artigos publicados noutras revistas distintas ás SCI, libros ou capítulos de libros distintos dos libros e actas de congresos. Nas comunicacións a congresos considéranse as comunicacións orais e/ou escritas en congresos, incluídas as





publicacións en actas ou libros de congresos, e só se puntúa unha vez un mesmo título por congreso.

- Publicacións SCI en materias forestais: 2 puntos por artigo
- Publicacións non SCI en materias forestais: 1 punto por artigo
- Comunicacións a congresos en materia forestal: 0,5 puntos/comunicación.
- Patentes e modelos de utilidade en materia forestal: 2 puntos por rexistro.

3. Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso, ata un máximo de cinco (5) puntos.

- a) Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 4 puntos.
- b) Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

4. Pola superación de exercicios realizados ao amparo da Resolución do 23 de decembro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria de once prazas de persoal laboral fixo, pola quenda de acceso libre, para o Instituto Galego de Calidade Alimentaria (modificada por Resolución do 12 de febreiro de 2009), 2,5 puntos por cada proba selectiva ou exercicio superado, ata un máximo de cinco (5).

C) Doutor/a investigador/a

1. Experiencia profesional, ata un máximo de setenta (70) puntos.

- a) Experiencia profesional acreditada como investigador en materia agraria na Axencia Galega da Calidade Alimentaria (antes Instituto Galego da Calidade Alimentaria), a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.
- b) Experiencia profesional acreditada como investigador en materia agraria, en calquera outro ente ou administración, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Para estes efectos e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).





Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos, ou por 0,125 puntos segundo corresponda. Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

A experiencia profesional na Axencia Galega da Calidade Alimentaria apreciarase de oficio mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal.

2. Producción científica e patentes, modelos de utilidade e de deseños, ata un máximo de vinte (20) puntos.
 - a) Valoraranse as publicacións internacionais referenciadas nos índices SCI (Science Notation Index). Serán consideradas publicacións non SCI os artigos publicados noutras revistas distintas ás SCI, libros ou capítulos de libros distintos dos libros e actas de congresos. Nas comunicacións a congresos considéranse as comunicacións orais e/ou escritas en congresos, incluídas as publicacións en actas ou libros de congresos, e só se puntúa unha vez un mesmo título por congreso.
 - Publicacións SCI en materias agraria: 2 puntos por artigo
 - Publicacións non SCI en agraria: 1 punto por artigo
 - Comunicacións congresos materia agraria: 0,5 puntos/comunicación
 - Patentes e modelos de utilidade agraria: 2 puntos por rexistro.
3. Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso, ata un máximo de cinco (5) puntos.
 - a) Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 4 puntos.
 - b) Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

5. Pola superación de exercicios realizados ao amparo da Resolución do 23 de decembro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria de once prazas de persoal laboral fixo, pola quenda de acceso libre, para o Instituto Galego de Calidade



Alimentaria (modificada por Resolución do 12 de febreiro de 2009) 2,5 puntos por cada proba selectiva ou exercicio superado, ata un máximo de cinco (5).

Artigo 9. *Criterios de desempate*

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis persoas aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

1. En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infra representación do sexo feminino na correspondente, escala, especialidade ou categoría profesional, a prol da muller.
2. De persistir o empate, resolverase polo maior tempo de servizos prestados na escala, especialidade ou categoría profesional obxecto da convocatoria na Axencia Galega da Calidade Alimentaria
3. De persistir o empate, resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
4. De persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante
5. E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

Artigo 10. *Tribunal*

1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado mediante resolución da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
2. As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada á Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
3. A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal unha declaración expresa de non incorrer nalgunha circunstancia das reflectidas no parágrafo anterior.





4. En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no epígrafe b) consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
5. A autoridade convocante publicará na páxina web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a orde correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.
6. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento do tribunal no DOG ou da data límite para a presentación de solicitudes establecida nas presentes bases. Na sesión a comisión de selección adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.
7. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen os substitúa.
8. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.
9. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta que lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia.
10. O tribunal selección poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle ao Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
11. Se durante a realización do proceso selectivo, o tribunal tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.
12. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria determinará o número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas, así como as indemnizacións por razóns de servizo segundo a normativa que lle sexa de aplicación.





13. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.
14. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
15. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse ao Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.





AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

En Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2022

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

José Luis Cabarcos Corral





ANEXO 1

PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

APELIDOS NOME
NIF NACIONALIDADE DATA NACEMENTO

PRAZAS ÁS QUE SE OPTA (Resolvo primeiro)

- (1) Xefatura de negociado
- (2) Titulado/a superior investigador/a
- (3) Titulado/a superior investigador/a
- (4) Doutor/a investigador/a
- (5) Doutor/a investigador/a

TITULACIÓNS

- Ciclo superior de administración e finanzas, ou equivalente
- Grao en Enxeñaría de Montes
- Grao en Enxeñaría Agraria
- Grao en Bioloxía ou equivalente
- Grao en Ciencias Ambientais ou equivalente
- Grao en Bioinformática ou equivalente
- Grao en Química ou equivalente
- Grao en Bioquímica ou equivalente
- Grao en Farmacia ou equivalente
- Grao en Veterinaria ou equivalente
- Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos ou equivalente

GALEGO

- Celga 4 Celga 5 Superior Linguaxe Administrativa Non acreditado

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- Non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.





DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

- Documentación acreditativa das titulacións
- Documentación acreditativa dos contratos asinados
- Documentación acreditativa das publicacións realizadas
- Documentación acreditativa das presentacións en congresos
- Documentación acreditativa das patentes rexistradas
- Acreditación artigo 52.1 da Lei 2/2015
- Copia Celga 4 ou equivalente (non expedido por Secretaría Xeral Política Lingüística)
- Outra

TABOLEIRO DE PUNTUACIÓN XEFATURA NEGOCIADO

EXPERIENCIA (MAX 70)	DIAS/30	PUNTOS	TOTAL
AGACAL		x 0,30	
Outros		x 0,125	
CURSOS > 40 HS (MAX 20)	HORAS	PUNTOS	TOTAL
		x 0,05	
		x 0,05	
		x 0,05	
		x 0,05	
		x 0,05	
		x 0,05	
		x 0,05	
		x 0,05	
GALEGO (MAX 5)		PUNTOS	TOTAL
Celga 5		4	
Superior linguaxe administrativa		5	
PROBAS SUPERADAS (MAX 5)	Nº	PUNTOS	TOTAL
Resolución 29/02/2008		2,5	
TOTAL (MAX 100)			

TABOLEIRO DE PUNTUACIÓN TITULADO SUPERIOR INVESTIGADOR/DOCTOR

EXPERIENCIA (MAX 70)	DIAS/30	PUNTOS	TOTAL
AGACAL		x 0,30	
Outros		x 0,125	
OUTROS (MAX 20)	Nº	PUNTOS	TOTAL
Publicacións SCI		x 2	
Publicacións non SCI		x 1	
Comunicacións congresos		x 0,5	
Patentes e/ou modelos de utilidade		x 2	
GALEGO (MAX 5)		PUNTOS	TOTAL
Celga 5		4	
Superior linguaxe administrativa		5	
PROBAS SUPERADAS (MAX 5)	Nº	PUNTOS	TOTAL
Resolución 29/02/2008		2,5	
TOTAL (MAX 100)			

